

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

0. INTRODUCCIÓN (PÁX.3)
1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO (PÁX.3)
2. MARCO LEGAL (PÁX.5)
3. MARCO TEÓRICO (PÁX.6)
4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES (PÁX.6)
5. DETERMINACIÓN DOS OBEXTIVOS (PÁX.10)
6. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PÁX.11)
7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS (PÁX.12)
8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO (PÁX.18)
9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN (PÁX.20)
10. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES EN TITORAS LEGAIS DO ALUNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO (PÁX.20)
11. PROTOCOLOS DE REFERENCIA E PARA SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (PÁX.21)
12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN (PÁX.22)
13. ANEXOS-MODELO DE PROTOCOLOS (PÁX.23)

0. INTRODUCCIÓN

Este documento pretende reflectir e concretar as medidas e actuacións de atención a diversidade para dar resposta a todo o alumnado do noso centro educativo. Para elaboralo baseámonos na lexislación vixente e tendo como referencia principal o **DECRETO 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 21 decembro 2011).

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade distinta en cada centro educativo; derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna/o. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal, social e das competencias clave do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Logo de cumprido o trámite da proposta para que os diferentes departamentos didácticos do centro fixeran as súas achegas na CCP do 13 de Xaneiro do 2012 o Departamento de Orientación elaborou o PXAD.

Este PXAD foi aprobado e precisará das revisións e actualizacións significativas e/ou de relevancia que se estimen oportunas. De ser así, sería, de novo, levado á CCP para o seu estudo e despois aprobado, se procedese, no Claustro e no Consello Escolar.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O IES Pobra do Caramiñal está situado no Concello de A Pobra e pertence a unha zona xeográfica ben delimitada dentro da península do Barbanza.

As principais actividades económicas da poboación son as relacionadas coa pesca (marisqueo a pe e a flote, produtos do mar, mexilón e outros, etc) e coa industria conserveira. Supón tamén unha determinante fonte de ingresos, a que orixina o sector turístico.

O alumnado provén, na súa maioría, do propio Concello da Pobra, existindo unha notable procedencia do rural.

No IES da Pobra do Caramiñal os alumnos/as están escolarizados nas ensinanzas da E.S.O, Bacharelatos e Formación Profesional e distribuídos (no momento se aproba Plan) nos seguintes grupos :

- **E.S.O.**
 - 1º ESO: 3 grupos
 - 2º ESO: 4 grupos, incluído un grupo de PMAR.
 - 3º ESO: 4 grupos, incluído un grupo de PMAR.

- 4º ESO: 3 grupos.
Nesta etapa ademais temos en funcionamento as seguintes medidas de atención á diversidade:
 - Desdobre: de matemáticas en 2º da ESO.
 - **Dous** agrupamentos específicos : 1º ESO en Lingua Castelá e Lingua Galega.
 - 2º ESO en Lingua Castelá- Inglés- Xeografía e Historia e Lingua Galega.
 - Apoios individualizados, prioritaria e principalmente ao alumnado con ACS, por parte da profesora de PT .
 - 2 Adaptacións Curriculares Significativas
 - 2 grupos de PMAR, un de 1º curso (grupo de referencia 2º de ESO) e outro de 2º curso (grupo de referencia 3º de ESO).
 - Están deseñados programas de reforzo educativo nas instrumentais para o alumnado de 1º e 2º coa exención da 2ª lingua estranxeira.
 - **BACHARELATO:**
Dúas modalidades: " *Ciencias* " e " *Humanidades e Ciencias Sociais* " .
 - **FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA:** Ciclo de Grao Medio de Coidados Auxiliares de Enfermería e o Ciclo de Grao Superior de Dietética.

• **Descrición da poboación escolar**

Profundizando nas características do alumnado, sinalar que, como en toda comunidade educativa e como cabe esperar, hai alumnado con altas expectativas e motivación de logro cara a aprendizaxe, coñecedores do valor do esforzo que require a mesma.

Tamén hai un grupo de alumnado con pouca motivación para a aprendizaxe que garda correlación, na maioría dos casos, con carencias na planificación, hábitos e técnicas de estudo, así como por razóns de desaxuste socio-familiar.

O alumnado "previsible" e/ou "susceptible" de abandono escolar estase (cremos) que a reducir pola situación socio-laboral e a crise socio-económica na que está inmersa a comarca provocando que o alumnado se estea a concienciar pouco a pouco da necesidade dunha formación académica básica para poder competir mínimamente no seu acceso a un futuro posto de traballo.

De feito, moito deste alumnado, durante este curso, escolarizouse noutros centros da bisbarra para poder cursar a FP Básica que lle permita acadar o título da ESO.

Con respecto as súas expectativas, sinalar que hai alumnado que finaliza o BAC e accede á Universidade, pero tamén cremos que está medrando o interese polos ciclos formativos como saída académica e profesional inmediata.

O Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR), é unha medida extraordinaria de atención á diversidade axeitada para facilitar que o alumnado, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcance as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Con respecto ás necesidades xeneralizadas no eido do desenvolvemento persoal e social, hai certas situacións de indisciplina, polo que seguiremos a traballar dende o departamento e atendendo a este Plan, dende a prevención a través da educación en valores, das habilidades sociais, dun ensino democrático e responsable, e dende a búsqueda de estratexias e programas específicos de intervención.

Vaise continuar co traballo relacionado coa programación establecida entorno á comisión e aula de convivencia ; o equipo de mediación de conflitos (se finalmente se instaurase) e o Programa de Tutoría entre Iguais, que iniciou o seu funcionamento ao principio do curso (16_17) e no que están implicados todo o alumnado de 1º de ESO como titorandos e todo o alumnado de 3º de ESO como tutores/as. O profesorado implicado no proxecto son, directamente, cinco profesores/as e todos os tutores/as destes grupos, e indirectamente toda a comunidade educativa.

Nos últimos cursos estamos intervindo coas pertinentes medidas de atención á diversidade co alumnado con NEAE complexas que en ocasións orixina discrepancias entre diferentes sectores da comunidade educativa e toma de decisións transcendentais para o seu futuro académico e persoal.

Para atender axeitadamente esta realidade educativa, o centro tal como reflexa no seu Proxecto Educativo e no Decreto 229/2011, adopta aquelas medidas organizativas, pedagóxicas e curriculares que mellor respondan ás necesidades tanto do alumnado como da comunidade educativa.

2. MARCO LEGAL

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa no preámbulo recolle: Os principais obxectivos da reforma son reducir a taxa de abandono temperá da educación, mellorar os resultados educativos de acordo con criterios internacionais, tanto na taxa comparativa de alumnado excelente , como na de titulación en ESO, mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor dos estudantes.

Os principios da reforma son: incremento da autonomía dos centros, o reforzo da capacidade de xestión da dirección dos centros, a racionalización da oferta educativa e a flexibilización nas traxectorias. Tres ámbitos de especial incidencia: as tecnoloxías da información e a comunicación, o fomento do plurilingüismo, e a modernización da formación profesional.

A educación é o principal instrumento de mobilidade social, axuda a superar as barreiras económicas e sociais e xere aspiracións e ambicións realizables para todos e todas.

Todo o alumnado ten talento, pero defire este talento duns a outros.

O sistema educativo debe contar cos mecanismos necesarios para recoñecelo e potencialo.

Recoñecer a diversidade entre o alumnado nas habilidades e nas expectativas é o primeiro paso cara ao desenvolvemento dunha estrutura educativa que contemple diferentes traxectorias.

Quere levar ao alumnado cara á traxectoria máis axeitada as súas capacidades, para que poidan facer realidade as súas aspiracións e delimitar as rutas que faciliten a empregabilidade e estimulen o espírito emprendedor a través da posibilidade, para o alumnado e os pais, nais ou titores legais de elixir as mellores opcións de desenrolo persoal e profesional.

O alumnado con problemas de rendemento deben contar con programas específicos que melloren as súas posibilidades de continuar no sistema.

Detrás dos talentos, están os valores que os vertebran, as actitudes que os impulsan, as consecuencias que os materializan e os coñecementos que os constrúen. A sociedade debe crear as condicións para que todos poidan adquirir e expresar os seus talentos, e dicir, un compromiso coa educación de calidade como soporte da igualdade e da xustiza social.

A educación é o motor que promove o benestar dun país.

Supón a educación facilitar o desenrolo persoal e a integración social.

So un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente garantiza a igualdade de oportunidades e fai referencia á posibilidade de que cada alumno desenrole ao máximo as súas potencialidades.

A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

As familias son as primeiras responsables da educación dos fillos e por iso o sistema educativo ten que contar con elas e confiar nas súas decisións.

A creación das condicións que permitan ao alumnado o seu pleno desenrolo persoal e profesional, así como a súa participación efectiva nos procesos de transformación, é unha responsabilidade dos poderes públicos.

Educación personalizada e universal hoxe, ten a posibilidade de ser un elemento determinante da equidade e o benestar social.

A mellora da calidade democrática dunha comunidade pasa pola mellora da calidade do seu sistema educativo.

A educación pretende a formación de persoas activas con autoconfianza, curiosas, emprendedoras e innovadoras, desexosas de participar na sociedade á pertencen, de crear valor individual e colectivo, capaces de asumir como propio el valor do equilibrio entre o esforzo e a recompensa.

A educación inicial é determinante pero é un proceso o do aprendizaxe que se proxecta ao longo de toda a vida da persoa.

A LOMCE, no referente á atención á diversidade, entre outras cuestións recolle como algunhas das súas novidades, o seguinte:

Considera que a flexibilización das traxectorias, de forma que cada estudante poida desenvolver todo o seu potencial, se concreta no desenrolo dun programa de mellora do aprendizaxe e rendemento (PMAR) no 2º e 3º curso da ESO, a Formación Profesional Básica, e a transformación do 4º da ESO nun curso fundamentalmente propedéutico e con dúas traxectorias ben diferenciadas.

Esta diversificación permitirá que o alumnado reciba unha atención personalizada para que se oriente cara á vía educativa que mellor se adapte ás súas necesidades e aspiracións, o que debe favorecer a progresión no sistema educativo.

O punto 4 do Plan Xeral de Medidas de Atención á Diversidade regulado no artigo 12 do novo Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade, debe recoller (entre outros puntos) a “descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade que vai dispoñer o centro”.

3. MARCO TEÓRICO

Enténdese por atención á diversidade ao conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A avaliación de necesidades como primeira fase da intervención orientadora permítenos analizar o contexto educativo, a fin de poder determinar posibles necesidades educativas, sentando as bases para o establecemento dos obxectivos e das liñas de actuación.

Realizarase unha avaliación sistémica relacionada cos distintos ámbitos e axentes de intervención, sen perder de vista aos centros adscritos e á comunidade educativa.

Debemos realizar unha proposta o máis significativa posible para todos.

Os procesos a seguir (que se poderán complementar ou establecer cada un de maneira independente) para a detección e **identificación de necesidades** serán os seguintes;

- a. Valoración conxunta e seguimento das medidas de atención á diversidade que se están desenvolvendo nos centros adscritos (nas reunións trimestrais)
- b. Valoración conxunta e seguimento do alumnado con algunha das medidas de atención á diversidade.
- c. Valoración das avaliacións e informes psicopedagóxicos realizados e identificación do alumnado con NEAE.
- d. Valoracións das avaliacións finais de cada curso e nivel para analizar posibles modificacións e melloras a ter en conta para o seguinte curso no referente ás medidas de atención á diversidade e o alumnado acollido a elas.
- e. Valoracións das avaliacións iniciais que se realicen a comezos de cada curso.
- f. Valoracións previas ao comezo das sesións lectivas cos alumnos/as dos equipos docentes e promovidas polo equipo docente (xefatura de estudos) en coordinación co departamento de orientación para acordos de actuacións e intervencións inmediatas co alumnado susceptible de medidas de atención á diversidade (principalmente os de Adaptacións Curriculares Significativas)

- g. As instrucións e circulares pertinentes publicadas pola consellería en materia de atención á diversidade ou pautas a seguir polos departamentos de orientación.
- h. Análise dos documentos do centro (Proxecto Educativo, Memoria Anual de centro e de departamento anteriores, expedientes académicos, informes individualizados, psico-pedagóxicos e incluso clínicos que as familias consideren que deban formar parte da información do alumnado no seu expediente, etc.)
- i. Valoracións e suxestións dos pais/nais do alumnado (a comezos do curso) con NEAE e/ou dificultades de aprendizaxe que necesiten de medidas de atención á diversidade.
- j. Rexistro das demandas efectuadas polos profesores, pais e nais, e alumnos /as que se acheguen ao departamento (segundo o protocolo que se estableza) , reunións e a observación directa.

Cada curso realizarase unha revisión e modificación das cuestións máis relevantes deste Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) que serán recollidas na Programación Xeral Anual do centro no seu apartado correspondente.

Coa recollida de información destes procesos pódese facer unha valoración de necesidades que en liñas xerais, son as seguintes:

A nivel xeral, as **necesidades identificadas** son:

- Relativas ao **alumnado**:
 - Atender e favorecer a integración do novo alumnado procedente dos centros adscritos de primaria ou doutro centro; así coma ao alumnado de procedencia estranxeira.
 - Atender e favorecer a integración de xeito máis concreto ao alumnado de NEAE e establecer as medidas de atención a diversidade oportunas.
 - Necesidade de deseñar e coordinar programas e/ou actividades que potencien o uso da técnicas de traballo intelectual e a súa integración nas distintas materias.
 - Necesidade de reducir o absentismo escolar mantendo os protocolos que o centro ten para tal fin e unha eficaz e fluída coordinación coa educadora familiar do Concello da Pobra.
 - Necesidade de reducir o abandono escolar, solicitándolle ao alumnado e familias que busquen información e asesoramento antes de que isto se produza.
 - Necesidade de colaborar e traballar na mellora da convivencia no centro, reducindo os problemas de conduta e facilitando a integración ao centro de todo o alumnado.
 - Colaboración do departamento de orientación no funcionamento do programa integral de mediación de conflitos no centro. De promoverse.
 - Implicación directa do departamento de orientación na implementación do Programa TEI, no que un sector do profesorado se estivo formando e co que se pretende que sexa o alumnado o artífice da mellora da convivencia escolar.

- Necesidade de atender ás características e necesidades no desenvolvemento persoal e social do alumnado, intrínsecas ás distintas etapas evolutivas, empregando como estratexia básica de intervención o traballo na práctica docente dos valores e os contidos transversais.
 - Necesidade de orientar profesionalmente aos alumnos/as, tanto no relativo á elección de optativas, de estudos posteriores, e á inserción no mundo laboral.
- **Relativas ao profesorado:**
- Continuar mellorando a coordinación e colaboración existente co equipo directivo para traballar e intervir cos diferentes sectores da comunidade educativa na mesma liña.
 - Buscar a maior coordinación, efectividade e funcionalidade posible na realización e implementación das ACS que se decidan, co compromiso necesario que supón tanto para o profesorado como de asesoramento por parte do Departamento de Orientación e a colaboración da profesora de Pedagogía Terapéutica .
 - Necesidade de manter a coordinación do profesorado de materia coas profesoras especialistas á hora de intervir co alumnado con NEAE e incluso melloralas, sobre todo no alumnado con ACS.
 - Necesidade de continuar organizando e dinamizando a acción titorial revisándoa e renovándoa.
 - Necesidade de participar e colaborar no desenvolvemento do Programa TEI, e sobre todo o profesorado que imparte clases nos niveis 1º, 2º (na formación ao finalizar o curso para curso seguinte) e 3º de ESO.
 - Necesidade de seguir dando a coñecer, asesorar e colaborar co profesorado, na posta en funcionamento das medidas de atención á diversidade de maneira operativa, funcional e eficaz.
 - Máis implicación dos titores e titoras, do profesorado en xeral nas problemáticas específicas do alumnado. Todo o profesorado debe manexar e recoller a información pertinente que o alumnado posúe no seu expediente académico ou no recollido no programa XADE, para poder facer unha boa intervención conxunta e eficaz.
 - Continuar solicitando (xa dende comezo do curso) que coincidan na medida do posible as horas de titoría dos distintos niveis da ESO na mesma sesión, para facilitar a organización, horario e implantación das actividades que se propoñan dentro do Programa de Acción Titorial e o TEI, e incluso para dar máis facilidades a servizos, institucións, asociacións externos etc que acceden ao noso centro para levalas a cabo en algún momento do curso.
 - Necesidade de implicar máis ao profesorado no desenvolvemento da actividade orientadora, axudando, atendendo e escoitando as súas inquedanzas e problemas particulares que poidan ser abordables dende o noso perfil educador. Tratar de mellorar con isto a confianza co alumnado.
- **Relativas ao centro:**
- Necesidade de que todo o profesorado coñeza o PXAD.

- Necesidade de revisión e actualización dos documentos do departamento e colaborar no mesmo obxectivo cos do centro.
 - Importancia de manter os agrupamentos específicos co transcorrer dos cursos para un perfil de alumnado determinado que se ve beneficiado de poder seguir outro ritmo diferente de aprendizaxe acorde co seu estilo e atendendo aos criterios de acceso elaborados e establecidos na CCP.
 - Importante continuar cos desdobramentos e a coordinación necesaria para a súa implantación.
 - Itinerarios formativos e optatividade. Incidir nos diferentes niveis na importancia que para o futuro académico e profesional ten unha elección acertada dos itinerarios e/ou optativas e/ou opcións e/ou modalidades segundo sexa o nivel ao que acceda cada alumno.
 - Necesidade de revisión das medidas de atención á diversidade e o seu tratamento neste documento así como o PAT e o POAP para contextualizalo o máximo posible ás novas necesidades.
 - Necesidade de continuar mellorando a coordinación entre o IES e os centros adscritos para optimizar recursos e establecer liñas de actuación conxuntas tanto a nivel departamento como colaborando que sexan a nivel de centro.
 - Necesidade de fomentar e mellorar a coordinación familia- escola. Fomentar a súa implicación na dinámica do centro. Dar un impulso á creación e dinamización dunha escola de pais.
 - Necesidade de continuar levando a cabo actuacións conxuntas coa ANPA de cara a acadar obxectivos comúns .
- Relativas aos **centros adscritos**:
- Intercambio de información e seguimento do alumnado obxecto dalgunha medida de atención á diversidade específica.
 - Seguimento e valoracións pertinentes durante o curso, do alumnado que presente posibles necesidade educativas especiais e sexa de próxima incorporación ao IES.
 - Necesidade de orientación académica e profesional do alumnado e familia do último curso de Primaria
- Relativas ao **entorno comunitario**.
- Necesidade de difusión da organización e funcionamento dos distintos servizos para buscar puntos de unión e gañar en operatividade e funcionalidade.
 - Necesidade de intercambio de información acerca do alumnado que precisa , dadas as súas necesidades, de intervención inter- institucional.

5. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

5.1 OBXECTIVOS

- Establecer o PXAD coma un documento guía para promover convenientemente as medidas de atención á diversidade.
- Empregar os modelos e protocolos establecidos no PXAD.

- Facilitar ao profesorado en xeral, recursos, posibilidades e asesoramento permanente no ámbito da orientación , titoría e atención á diversidade.
- Enriquecer e apoiar a relación centro- familia en xeral, e titores- familia en particular en relación coas medidas de atención a diversidade establecidas.
- Avanzar na planificación e desenvolvemento de medidas preventivas e ordinarias de atención á diversidade atendendo ao Decreto 229/2011.
- Colaborar co equipo directivo e equipo docente para a implementación das medidas de atención á diversidade necesarias
- Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles alumnos/as con necesidade educativas específicas.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e posteriores informes psicopedagóxicos.
- Realizar as propostas de incorporación á FP Básica ou PMAR do alumnado en escolaridade obrigatoria oído o equipo docente do mesmo.
- Normalizar o máximo posible a atención educativa do alumnado con NEE, e asegurar unha resposta adaptada as súas características e necesidades.
- Implicar ás familias de cara á consecución do hábito de estudo no fogar, nas actividades de reforzo e recuperación no proceso avaliador para previr dificultades de aprendizaxe e/ou desaxuste curricular.
- Asegurar a coherencia e a continuidade na práctica docente (de acordo coas medidas de atención á diversidade) mediante a coordinación cos responsables da orientación nos centros adscritos.

6. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade clasifícanse en **ordinarias e extraordinarias** e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan que constarán na PXA.

6.2 MEDIDAS ORDINARIAS

Aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, **sen alteración significativa** dos seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Son:

- a. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia (recollido no Plan de convivencia)
- f. Desdobrementos de grupos (xestionados polos propios departamentos).
- g. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h. Programas de enriquecemento curricular (para alumnado de sobredotación intelectual)
- i. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (para alumnado con materias non superadas)
- j. Programas de recuperación (para alumnado que repitan curso)
- k. Programas específicos personalizados (segundo proceda)
- l. Programas de habilidades sociais (xa elaborado e aprobado polo claustro).

6.3 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir **modificacións significativas do currículo ordinario** e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

- a. Adaptacións curriculares.
- b. Agrupamentos flexibles.
- c. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
- d. Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e. Programas de Mellora
- f. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- g. Grupos de adquisición das linguas.
- h. Grupos de adaptación da competencia curricular.
- i. Debe engadirse coa LOMCE;

- a. A implantación da FP Básica e os Programas Formativos dentro deste itinerario formativo (non se imparten no centro).
- b. E os PMAR (Programas de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento).

7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis no alumnado que presente necesidades educativas específicas, dificultades de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar desfavorables.

A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo, deberá axustarse aos seguintes **criterios e principios xerais de actuación**:

- A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización de servizos, flexibilidade na resposta educativa, de prevención, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e a de atención personalizada si se considera preciso.
- A atención á diversidade abranguerá á totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
- Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade así como o tratamento por competencias clave en tales medidas.
- Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de atención á diversidade carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores e de maneira excepcional.
- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais implicados (orientación cos seus compoñentes, equipo docente, titores, equipo directivo etc.)
- As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención no centro educativo.
- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á

diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

- A atención educativa a alumnos/as con necesidades educativas específicas estará integrada na actividade normal da aula e será responsabilidade do profesor de cada materia.
- Para o cumprimento destas funcións tanto o profesorado da materia como do profesorado titor, contarán co apoio e asesoramento dos membros do Departamento de Orientación.
- Os centros docentes incluírán no exercicio da súa autonomía pedagóxica, a concreción do currículo que contará, entre outros epígrafes, co seguinte: *Liñas xerais de atención á diversidade.*
- **Todas as programacións didácticas deben recoller o apartado correspondente as liñas establecidas nel para a atención á diversidade.**
- Os alumnos/as con ACS, por norma xeral, deberán presentarse aos exames extraordinarios de setembro, e de pendentos (para superar a parte da materia implementada e adaptada e non superada, de ser o caso), excepto que o departamento didáctico en concreto, estableza outro criterio en particular.
- As medidas e as liñas de actuación no eido de atención á diversidade concréntanse neste Plan, que terá carácter preventivo adiantándonos á aparición de alumnado con posibilidade de fracaso escolar, e un carácter reeducador e terapéutico aplicando medidas e estratexias ante a detección de dificultades de aprendizaxe e de necesidades educativas específicas.
- Cada medida deberá estar explicitamente destinada ao alumnado segundo se decida e non se disporán medidas de atención á diversidade (salvo decisión excepcional) que interfiran entre elas na súa organización e funcionamento, sexa por exemplo o agrupamento e o apoio educativo nunha materia concreta.
- O Plan xeral será redactado e aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro de profesorado e pasará a formar parte do proxecto educativo.
- O Plan Xeral de Atención a diversidade unha vez revisado e renovado, pasa a formar parte da Programación Xeral Anual e do Proxecto Educativo do Centro.

Para a **toma de decisións (organización, recursos e aplicación das medidas)** de maneira máis concreta, seguirase o seguinte proceso:

- a. Recopilación da información e valoracións dos profesionais de Primaria sobre o alumnado de nova incorporación. Resultados das probas de nivel que se tiveran aplicado.
- b. A **comezos de cada curso**, realizaranse as xuntanzas (precisas) do profesorado do grupo á requirimento da xefatura de estudos e realizadas con anterioridade ao comezo da actividade lectiva do curso para **concretar as propostas que se poidan realizar de xeito inmediato referentes a;**

1. Alumnado para os **agrupamentos específicos (aprobado en Claustro do 11-03-10)**;

i. **Destinatarios -Alumnado;**

- Con dificultades de aprendizaxe (principalmente nas instrumentais)
- Que lle custa seguir o ritmo de aprendizaxe na aula ordinaria, principalmente nas materias susceptibles de agrupamento.
- Con baixa motivación e autoestima.
- Que reclaman atención máis individualizada
- Alumnado para o que esta medida lle resulte ou se lle considere unha das máis apropiadas.

ii. **Criterios;**

- Dificultades de aprendizaxe (principalmente nas instrumentais)
- Falla de motivación fronte aos estudos pero a necesaria para estar no agrupamento específico .
- Non existan problemas de comportamento por parte do alumno/a que dificulten o normal desenvolvemento do mesmo.
- Non formaran parte desta medida por ter outras establecidas para tal fin, os alumnos con NEE, salvo excepcións xustificadas.

iii. **Organización;**

- 10 alumnos/as como máx.
- Cando a organización o permita, recomendable que o profesorado do agrupamento sexa o mesmo que o dos grupos de referencia.
- Evitar no posible a mobilidade do alumnado do agrupamento á aula ordinaria e o revés no transcurso do trimestre.
- Valorar nas sesións de avaliación, ou no seu caso, en reunión extraordinaria (a requerimento da xefatura de estudos) en función dos resultados académicos e a actitude do alumno/a, se procede, a alta ou a baixa dun alumno. Dita decisión sempre será (nos dous casos), de todo o seu equipo docente.
- O agrupamento só será compatible co reforzo educativo e si fose preciso co apoio educativo pero de maneira excepcional

2. Alumnado de incorporación a 1º da ESO- **exención da 2ª lingua estranxeira (aprobado en claustro do 11-03-10)**;

- i. O alumnado dos dous primeiros cursos que presenten dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na materias lingüísticas, poderá quedar **exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira** (artigo 6º da Resolución do 15 de xullo de 2016) . Recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Dpto. de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.
 - ii. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida.
3. **Desdobramentos de grupos** que se determinarán;
 - i. Atendendo á dispoñibilidade do centro en canto a profesorado e horario.
 - ii. Dependerá da organización explícita que os departamentos didácticos determinen en colaboración co equipo directivo.
4. **O reforzo educativo.** Elementos non prescritivos do currículo que poderá desenvolver cada profesor/a de materia ou na exención dos alumnos da 2ª lingua estranxeira.
5. Alumnado que requirirá da **intervención da profesora de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe** xa ao inicio do curso (apoio educativo) a criterio do departamento de orientación, atendendo ao;
 - i. Alumnado con Adaptación Curricular Significativa.
 - ii. Proposta razoada do equipo de profesores do alumnado en cuestión, a finais do curso pasado ou actual.
 - iii. Proposta razoada dos profesionais dos centros adscritos se se trata de alumnos de nova incorporación.
6. Alumnado que requirirá da elaboración, revisión e ou modificación dunha **Adaptación Curricular** (aprobado no claustro do 11-03-10).
 - i. **Criterios**
 1. Decisión dos membros do equipo docente (en reunión convocada polo xefe/a de estudos que levantará a acta pertinente) para un alumno/a con N.E.E e/ou dificultades de aprendizaxe que así o requiran
 2. Modificación significativa dos elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos , criterios de avaliación ou estándares de aprendizaxe partindo do

nivel de competencia curricular do alumno para o que se establecerán as necesarias probas de nivel que aplicará o profesorado de materia susceptible da adaptación.

3. Poderán impartirse para o mesmo alumno e na mesma adaptación, contidos do nivel de competencia así como do de referencia no que estea escolarizado.
4. Responsabilidade do profesor/a da materia.
5. Colaboración dos departamentos didácticos.
6. Asesoramento dos membros do Dpto. de Orientación
7. Integración ao máximo nas accións educativas da aula ordinaria.
8. O alumnado deberá realizar os exames pertinentes na aula ordinaria e de maneira simultánea co resto dos compañeiros.
9. Coordinación entre o profesorado das materias e o profesorado de apoio.
10. Empregarase o modelo de Adaptación que se determine.
11. Seguiranse os criterios de avaliación establecidos na ACS coas consideracións oportunas tanto para a promoción como para a titulación.

c. Nas diferentes avaliacións do curso;

1. Avaliación Inicial

- i. Revisión das medidas de atención á diversidade en funcionamento.
- ii. Modificación (si é preciso) do acordado nas reunións dos equipos docentes a comezos de cada curso.
- iii. Detección temperá de posibles dificultades de aprendizaxe que non se detectaran con anterioridade.
- iv. Propostas de novas medidas educativas para o alumnado que o precise.
- v. Posibles cambios, organizativos, apoios, reforzos, cambios de grupo, etc.
- vi. Valoración de probas de competencia curricular con diversos niveis de dificultade realizadas polos departamentos didácticos si fose preciso para o alumnado con dificultades de aprendizaxe ou ACS.
- vii. Departamento de Orientación: contribución mediante probas e/ou cuestionarios: aptitudes, motivación, hábitos de estudo, estilo de aprendizaxe, etc. Neste momento a proba elixida é a "Batería de aptitudes xerais e diferenciais" BADYG-M en 1º da

ESO.

2. **Avaliacións previas** (se procede) a cada sesión ordinaria para valorar concretamente a evolución do alumnado con **ACS**;
 - i. Superación ou non das materias (principalmente nas ACS)
 - ii. Grao de adquisición das CC.
 - iii. Nivel de traballo e comportamento
 - iv. Posibles modificacións, melloras ou novas propostas ás medidas que o alumnado ten.
 - v. Todo o anterior se recollerá nun **informe de seguemento trimestral**.
3. **Primeira sesión de avaliación**; Incluirá revisión e valoración da evolución do alumnado con medidas de atención á diversidade.
4. **Segunda sesión de avaliación**; valoración das medidas e adianto da previsión de alumnado para PMAR e FP Básica.
5. **Terceira sesión de avaliación**; valoración de medidas, nova valoración máis concreta e cobertura de informes pertinentes de alumnado para PMAR e FP Básica, valoración dos consellos orientadores dos alumnos e alumnas que titulen en Xuño e incluso propostas provisionais para o próximo curso a incluír na memoria do dpto.
6. **Sesión extraordinaria setembro**; Decisión definitiva do alumnado que se incorporará a PMAR e FP Básica. Consellos orientadores titulados en setembro e propostas medidas curso próximo (máis inmediatas).

NOTA:

- Nas avaliacións trimestrais realizarase un **informe de ACS por materia e alumno/a (ver en protocolos)** así como un **informe de apoio dos especialistas de PT e ou AL para as familias**.
 - De realizarse os informes trimestrais, non se terá porque realizar as **avaliacións previas do apartado 2 anterior se non se considera oportuno polo equipo directivo, docente e departamento de orientación**.
 - As ACS serán realizadas por norma xeral no **1º trimestre para que a cualificación da 1ª sesión de avaliación sexa atendendo á programación adaptada**.
- d. Revisión das medidas de atención á diversidade na CCP e modificalas, renóvalas e/ou melloralas.
8. **CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

8.1. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS

No marco das **actuacións xerais** destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, os **centros docentes**, mediante os seus órganos deberán:

- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias clave e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade .

8.2 PROFESIONAIS

Os **profesionais** que se encargarán de levar a cabo as diferentes medidas de atención á diversidade serán;

- a. **Reforzo Educativo-Profesorado de cada materia**, prioritariamente nas instrumentais, lingua castelá, galega e matemáticas .(apdo.8e da Orde do 6 de Setembro de 2007) e (Orde do 6 de Outubro de 1995)
 1. Debería ser requisito previo para acceder á ACS ou a un PMAR.
 2. Afecta a elementos non prescritivos do currículo, secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos na propia aula e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
 3. Reflictese no expediente académico.
 4. Será elaborado polo profesor /a que imparte a materia.
 5. Desenvólvese no contexto da aula
- b. **Apoio educativo- Profesores de PT-AL** e/ou intervención por parte da profesor/a de Pedagogía Terapéutica e/ou profesor/a de Audición e Linguaxe (de ser o caso).
- c. **Agrupamentos específicos- Profesores das materias nas que se impartan os agrupamentos específicos** ou flexibles atendendo aos criterios que xa se expuxeran.
- d. **Desdobres- Profesores que integran os departamentos que os poidan establecer.**
- e. **Adaptacións Curriculares- Profesores de cada materia adaptada.** (Orde 6 de Outubro de 1995) para as que xa existe unhas pautas- guía para a súa elaboración no Dpto. de Orientación

1. **As partes da Adaptación Curricular** en cada área serán;
 - Contidos.
 - Obxectivos.
 - Criterios de avaliación (que inclúan de promoción e titulación se prodere)
 - Estándares de Aprendizaxe.
 - Desenvolvemento das competencias clave.
 - Recursos materiais; deberá propoñelos o profesor/a de área e complementarse si fose preciso cos que aporte e/ou empreguen os profesores de PT/AL respectivamente. Poderase empregar como referencia (si así o decide o profesor/a) os libros de texto dos niveis correspondentes, cadernos e/ou materiais de recuperación, fichas de elaboración propia etc.
 - Modelo por protocolo de informe trimestral de materia e alumno/a.

2. Os **pasos aconsellables** a seguir na súa elaboración e implementación serán;
 - Recoller (si se considera oportuno) toda a información necesaria do alumno/a no seu expediente académico (avaliacións psicopedagóxicas, informes, ACS anteriores, etc.) así como coñecer o seu contexto socio- familiar e a súa influencia.
 - Determinar mediante as probas de nivel e o recollido na avaliación inicial, o nivel de competencia curricular do que partir na situación individual de cada alumno/a.
 - Iniciar a súa elaboración co formato que se estableza, para a posterior implementación tomando como referencia o seu nivel de competencia curricular do que partir ata o de referencia no que estea escolarizado/a atendendo ao que se recolle nos Decretos do Currículo correspondente.

- f. **Programas de Mellora do Aprendizaxe (PMAR)** – Cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora, pertencente a un dos departamentos didácticos a que corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro. Artigo 11, punto 7 da Resolución do 15 de xullo de 2016.
- g. **Grupo de adquisición das linguas** (medida de tipo organizativo). Seguirase o establecido na Orde do 20 de Febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- h. **Grupo de adaptación da competencia curricular** (medida de tipo organizativo) Seguirase o establecido na Orde do 20 de Febreiro de 2004

pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Os mecanismos de coordinación serán fundamentalmente os seguintes;

- Reunións previas ao comezo das actividades lectivas a requirimento da xefatura de estudos.
- Reunións iniciais de curso
- Reunións titores que se celebra semanalmente no departamento de orientación.
- Reunións do departamento de orientación.
- Reunións de coordinación coa xefatura de estudos .
- Reunión de Comisión de Convivencia que implica coordinación coa educadora familiar (semanal)
- Reunións trimestrais de departamento cos orientadores dos Centros adscritos.
- Reunións Orientación -equipos directivos (trimestrais)

10. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

- Pais –nais –titores legais; Informarase de todo o proceso.
- EOE, realizarase demanda e posterior intervención cando se valore a pertinencia na reunión de departamento e atendendo aos parámetros e criterios de demanda que o propio equipo ten. Os especialistas do EOE;
 - Discapacidades Sensoriais
 - Trastornos de Conduta
 - Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento
 - Sobredotación Intelectual
 - Discapacidades Motoras
 - Orientación Vocacional e Profesional
 - Audición e Linguaxe
 - Traballo Social
- Educador/a Familiar; Coordinación semanal e derivación co formato que teñen proposto.
- Centros de Saúde
- Centros hospitalarios
- Asociación e Fundacións (Amigos e Ambar)
- UAD (Unidade Asistencial ao Drogodependente)
- CIM (Centro de información á muller)

- CAD (Centro de atención ao discapacitado do Concello)
- DOWN Galicia -Santiago.
- Outros.

11. PROTOCOLOS DE REFERENCIA E A TER EN CONTA PARA SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Existen os modelos propios elaborados polo departamento e os que se recollen seguindo os decretos e ordes que regulan ou regularán cada medida.

- MODELO ACTA ACORDO ACS
- MODELO-MAQUETA ACS
- MODELO INF.TRIMESTRAL DE MATERIA E ALUMNO ACS
- MODELO INF. APOIO TRIMESTRAL A FAMILIAS
- MODELO AUTORIZACIÓN ACS PARA PAIS/NAIS
- MODELO NOTIFICACIÓN DE MAD ÁS FAMILIAS
- MODELO DE BAIXA EN MAD ÁS FAMILIAS
- MODELO DERIVACIÓN AO DPTO DE ORIENTACIÓN
- MODELO INF.EXENCIÓN SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA
- MODELO DERIVACIÓN A EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO
- MODELO INFORME TITOR INCORPORACIÓN A PMAR.
- MODELO ACTA INCORPORACIÓN ALUMNADO A PMAR.
- MODELO INFORME TITOR INCORPORACIÓN A FP. BÁSICA.
- MODELO ACTA INCORPORACIÓN ALUMNADO FP. BÁSICA.
- MODELO DERIVACIÓN EOE (O PROPOSTO EN PDF-FORMULARIO POLO EOE NA SÚA WEB)
- PROTOCOLOS PUBLICADOS POLA CONSELLERÍA

12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O proceso de avaliación do plan para coñecer grao de consecución de obxectivos e posibles erros ou modificacións para accións posteriores ten un carácter continuo en tres momentos básicos:

➔ **Avaliación Inicial**

Coa finalidade de coñecer de maneira continuada e en cada curso o punto dende onde se debe iniciar a intervención. Permite coñecer a realidade e necesidades do alumnado (coas reunións, revisión de información, observación directa etc.)

➔ **Avaliación procesual e seguimento**

Implica a recollida sistémica de datos, a súa análise e conseguinte toma de decisións , mentres ten lugar a implantación do Plan, o que nos permite facer un seguimento do mesmo e a súa reorientación, en caso de ser necesario.

Para realizar o seguimento e avaliación da calidade do Plan, teremos en conta as valoracións que se acorde nas distintas reunións que levaremos a cabo ao longo do curso (CCPs, DO, Titores, avaliacións ...).

➔ **Avaliación final e revisión**

Adopta unha función un tanto **sumativa**, para analizar a consecución dos obxectivos, como **formativa**, retroalimentando a nosa intervención á vista do conseguido e tomar as decisións oportunas para a mellora do propio proceso.

Esta avaliación faise tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Grao de eficacia das medidas de atención á diversidade
- Grao de adecuación das medidas as necesidades e dificultades do alumnado valorando a súa evolución tanto académica como profesional.
- Adecuación dos materiais e recursos empregados.
- Colaboración e implicación das familias.

Ademais nesta avaliación final (da que se dará conta na memoria do departamento de orientación) teranse en conta as intervencións realizadas e o seu grao de cumprimento, a síntese reflexiva dos logros acadados, as dificultades e obstáculos atopados, os aspectos a mellorar, as modificacións introducidas, así como suxestións e propostas de mellora recollidas ao longo do curso e as propostas de innovación necesarias.

Durante todo o proceso e por parte de todos os responsables -avaliación compartida-, irase recollendo informacións e suxestións que permitan reorientar o Plan, tendo en conta ademais as observacións do equipo directivo, do profesorado en xeral, así como do alumnado e os pais/nais.

Dentro da avaliación final, teremos en conta a nova petición de profesionais especialistas de PT e/ou AL (se fose preciso) para o curso seguinte e sucesivos e faremos unha nova petición avalada non só polo noso departamento e o equipo directivo se non tamén polo claustro de profesores.

IES POBRA DO CARAMIÑAL

Xobre, 22

15940-A Pobra do Caramiñal

Teléfono: 881867064 **Fax:** 881867077

Correo electrónico: ies.pobra.caraminal@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.iespobra.gal>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA